



PLAN DIXITAL

CPR Ramón María del ValleInclán

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O CPR Ramón M^a del Valle-Inclán é un colexio concertado dende o ano 1980, que imparte Formación Profesional, tanto en Ciclos de Grao Básico como en Ciclos de Grao Medio. Actualmente, consta de seis unidades concertadas:

2 Unidades Ciclos de Grao Medio:

- 1º e 2º curso CM Xestión Administrativa.

4 Unidades de Formación Profesional Básica:

- 1º e 2º curso FPB de Servizos Administrativos.
- 1º e 2º curso FPB de Reforma e Mantemento de edificios.

Está situado en Ourense en Rúa do Ensino 20. Esta rúa pertence ao barrio do Couto, barrio que sufriu un enorme incremento demográfico nos últimos anos.

A súa representación a través da Internet está en www.colexiovalleinclan.com, a súa vez, tamén ten presenza nas redes sociais de Instagram, co perfil *colexiovalleinclan*, e en Facebook a través do nome de perfil: *Colexio ValleInclán - FP*.

A comunidade educativa do centro fórmana o noso equipo directivo, o claustro de profesorado e o alumnado, sendo a representación da parte das familias nesgada soamente ao alumnado menor de idade, que supón unha porcentaxe minoritaria. Se pode ver na seguinte táboa o número de membros que compoñen cada grupo no curso 2022/23:

Grupo da comunidade educativa	Membros
Equipo directivo	4
Profesorado	11
Alumnado	72

Este é un documento que, ademais de ser vinculante para todos os membros da Comunidade Escolar, convértese no nexos que une esforzos e traballos, a dar coherencia e a servir de marco xeral para a actuación individual e colectiva.

O Consello Escolar será o órgano de goberno do centro que se encargue a nivel interno de aprobar este plan e as futuras modificacións.

O Plan Dixital para o Curso 2022-2023 someteuse á aprobación do Consello Escolar con data do 29 de xuño do 2022.

Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O noso alumnado pertence maioritariamente a unidades familiares cun nivel sociocultural e económico medio e medio – baixo, procedentes da área de incidencia próxima ao barrio do Couto e zonas limítrofes á cidade de Ourense. O barrio do Couto, a súa vez, é un barrio moi próximo ao centro da cidade pero con gran crecemento en ocupación por parte de familias inmigrantes de América Latina, principalmente. Este feito fai que o noso centro teña unha tendencia en auxe a recibir alumnos inmigrados, con toda a adaptación educativa e cultural que esa situación conleva. Así mesmo, a maioría do alumnado procede de familias con pais e nais traballadores por conta allea.

Froito da situación socioeconómica, danse de forma crecente factores de risco e/ou desestructuración social (precariedade económica, desemprego, deterioro vital ou das unidades relacionais...) que repercuten negativamente nos xoves matriculados no noso centro e na súa proxección educativa, como poden ser a disposición e adquisición de hábitos de conduta, implicación na relación e traballo educativo, motivación cara o mundo laboral, entre outras.

Todo este contexto fai que o nosa oferta de equipos informáticos para cada alumno sexa unha máxima no noso centro e que a súa vez o alumnado se vexa recompensado no seu proceso de ensino – aprendizaxe. Así mesmo, temos que ter especial coidado coas esixencias a nivel dixital fora do aula, porque poderíase dar pola mesma situación, unha situación de exclusión en parte do alumnado ao carecer de medios e infraestrutura dixital nas súas vivendas.

Esta plan ha de significar a continuidade dos nosos valores respectando o programado en cursos anteriores a fin de alcanzar aqueles obxectivos que no seu día se propuxeron e que, ou ben non se acadaron plenamente, ou ben se consideran como identidade do noso centro e que han de estar sempre presentes. Pero ao mesmo tempo, debe ser o documento que asegure unha evolución no noso traballo recollendo novos obxectivos a nivel dixital e favorecendo e asegurando a participación de todos os membros da nosa comunidade educativa.

Tamén impulsará a relación coas familias, as institucións e a Administración Educativa para procurar entre todos fomentar unha adaptación progresiva aos medios dixitais, sempre respectando o Proxecto Educativo de centro, e máis concretamente, as normas de convivencia do centro.

En definitiva, contamos cun documento que se converte no marco e referente de canto queremos desenrolar en materia dixital no noso Centro este ano escolar, dende a perspectiva de continuidade e evolución que ha de caracterizar a coherencia dun proxecto pedagóxico que defina a tarefa diaria do noso Centro.

A calidade do ensino que aspiramos a conseguir baséase nunha serie de principios básicos, e que os novos obxectivos no plano dixital deben de respectar:

- Un ensino útil para a vida, para acadar a felicidade e adecuada ás necesidades de cada usuario/a do centro.
- Un ensino para a convivencia, inserido nas necesidades do medio mais próximo, mais que mire o conxunto dos problemas sociais.

- Un ensino en valores, no que se aprenda convivindo de maneira responsable, solidaria e libre, resolvendo os problemas mediante a cooperación e o diálogo.
- Un ensino democrático, no que todos e todas desexemos e poidamos participar co interese que a nosa actividade merece xestionánda entre todos/as.
- Un ensino sen exclusións, que tende obter o mellor e o máximo nivel posible de todas as persoas que participamos no proceso.

Os obxectivos e as accións derivadas da implementación do Plan Dixital afectan directamente nos obxectivos programados na Programación Xeral Anual do curso 2022/23, dando un pulo importante en materia dixital en todas as tarefas programadas para cada grupo da comunidade educativa.

1.2. Breve xustificación do mesmo

O contexto normativo no que se desenvolve o Plan Dixital do noso centro detállase a continuación:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación, que tratan sobre as tecnoloxías da información e a comunicación, o proxecto educativo e as competencias do director ou directora, respectivamente.
- Resolución do 22 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2022/23.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.
- Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOrg).

1.3. Proceso de elaboración

O desenvolvemento do Plan Dixital de Colexio ValleInclán comeza como unha actividade de formación (*O2105003:Análise da competencia dixital do centro e elaboración do plan dixital*) xestionada dende o Centro de Formación e Recursos empregando a ferramenta online Fprofe. Para levar a cabo a actividade, dende os servizos da Consellería de Educación da Xunta destinados a tal fin, o noso centro foi incluído nun grupo de traballo e foille asinado unha mentora para a titorización do plan.

O noso centro foi incluído dentro do espazo de traballo do equipo ADIX Ourense 1 e traballamos a través do servizo ADIX da Consellería de Educación. A formación, a información a través dos foros de equipo e dos foros individuais así como a planificación das distintas etapas foron todas feitas dentro de dito espazo de traballo.

Internamente, constituímos un Equipo de Dinamización do Plan Dixital formado por os membros que se detallan na táboa seguinte. Son todos os membros profesores do centro e a maiores o 75% deles ocupan posicións de liderazgo dentro do organigrama do Colexio.

Nº	APELIDOS, NOME	DNI	POSTO
1	Pérez Puentes, Beatriz	34989416E	COORDINADORA Profesora do centro
2	Naval Blanco, M ^a Dolores	34944029Z	MEMBRO EQUIPO Directora do centro
3	Quintas Abadín, M ^a Dolores	34935320E	MEMBRO EQUIPO Secretaria do centro
4	VilameáMartínez, Francisco Javier	34995307W	MEMBRO EQUIPO Xefe de estudos do centro

Este equipo organizou diversas reunións de traballo para irlle dando forma ao plan, das cales, se deixou constancia nas diversas actas de reunión do Equipo de Dinamización do Plan Dixital ao longo do curso 2021/22.

Este mesmo equipo constitúe tamén o equipo encargado da formación en materia dixital para o profesorado para o curso 2022/23; traballando en colaboración co representante do Sistema de Xestión da Calidade do noso colexio; que é a área do noso colexio que se encarga de avaliar as competencias de forma xeral así como a formación continua

Todo o traballo foi estruturado en tres fases, con diferentes etapas dentro de cada unha delas:

1. Fase 1: Diagnose da situación de centro.
 - 1.1. Enquisa sobre a situación actual do colexio no ámbito dixital. Emprego de SELFIE.
 - 1.2. Estudo da competencia dixital do profesorado. Realización do Test CDD en Fprofe.
 - 1.3. Interpretación dos resultados obtidos nos dous puntos anteriores. Xeración dun cadro DAFO sobre a situación do colexio en materia dixital.
2. Fase 2: Deseño e elaboración do Plan dixital.
 - 2.1. Obxectivos do plan de acción
 - 2.2. Elaboración do plan dixital
3. Fase 3: Implementación, seguimento e avaliación do Plan Dixital

A fase 3 é a fase pendente a desenvolver ao longo do curso 2022/23, unha vez elaborado este Plan.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Na táboa a continuación detállase de forma xeral a infraestrutura dixital do centro, a cal consideramos que é suficiente para o tratamento interno dos datos pola comunidade educativa, e non precisa de mellora, só supeditada a unha mellora na infraestrutura da rede pública.

Infraestrutura dixital	Descrición
Telefonía	Voz IP
Conectividade de datos	Liña de fibra 300 Mb Síncrona
Conexións con fíos	2 switch 10/100 1 switch 100/1Gb
Conexións sen fíos	5 puntos de acceso sen fíos

Así mesmo, especificase na táboa seguinte o equipamento dispoñible neste momento no colexio, o cal é susceptible de sufrir algún cambio para levar a cabo o plan de acción do plan dixital. Fíxose a táboa seguindo as recomendacións de AMTEGA, polo cal se detalla algunha categoría para a cal nos non temos equipamento.

Categorías	Nº	Equipamento
Aulas dixitalizadas	6	1 equipo por alumno: 27 portátiles 75 PCs 1 equipo para o profesor Proxector Taboleiro dixital (1 aula)
Proxecto E-Dixgal	0	
Xestión e administración	2	PCs 1 Impresora multifunción láser color
Biblioteca	0	
Sala profesores	1	5 Portátiles Impresora multifunción láser monocromo.
Aula informática	1	17 PCs 1 impresora gran formato 2 pantallas TV 1 proxector 1 taboleiro dixital

Resto de equipamento do centro	1	Proxector
	1	Servidor de dominio
	1	Impresora 3D
	0	Equipos ultraportátiles

Dentro dos servizos dixitais educativos entendemos aqueles que facilitan a xestión docente. So consideramos neste punto os servizos dixitais que se empregan no aula e de forma xeral por todos os docentes. Na seguinte táboa indícanse cales son.

Servizos Dixitais
Páxina Web
Correo electrónico corporativo
Correo electrónico do portal edu.xunta.es
Google Classroom e todos os servizos de Google Suite.
Software específico máis empregado: Microsoft Office, AutoCad.

A xestión do mantemento do equipamento do centro, de parte da infraestrutura interna e dos servizos dixitais se fai de forma interna polo responsable de TICs. Todo o equipamento é reemplazado ao final da súa vida útil no caso de que o seu uso siga estando vixente.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

O cadro de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (DAFO) do colexio é o obxectivo final da fase de diagnose. Esta fase está composta de dúas etapas previas antes da xeración do DAFO que pasamos a explicar a continuación.


2.2.1. Enquisa sobre a situación actual do colexio no ámbito dixital. Emprego de SELFIE.

SELFIE (<https://schools-go-digital.jrc.ec.europa.eu/coordinator/login?lang=es>) é unha ferramenta en liña gratuíta que pretende axudar ós centros escolares a propoñerse cómo utilizan as tecnoloxías dixitais para acadar unha aprendizaxe efectiva e innovadora. Con SELFIE, os centros poden obter unha instantánea do punto no que se atopan en relación co uso das tecnoloxías dixitais, tendo en conta as opinións do profesorado, o alumnado e o equipo directivo.


A través dunha serie de preguntas ó profesorado, equipo directivo e alumnado, SELFIE avalía o modo en que se utilizan as tecnoloxías dixitais para aprender e ensinar no centro. As preguntas dirixidas ó equipo directivo céntranse principalmente nas estratexias e prácticas a escala do centro relacionadas co uso das tecnoloxías dixitais. As preguntas dirixidas ó profesorado están destinadas principalmente a detectar prácticas docentes, e as dirixidas ó alumnado teñen como finalidade coñecer a súa experiencia e prácticas de aprendizaxe en relación co uso das tecnoloxías dixitais.

Por outra banda, a aplicación SELFIE contempla a posibilidade de incorporar de xeito personalizado ata un máximo de 10 preguntas propias, con independencia das obrigatorias e opcionais xa recollidas na propia ferramenta. O noso centro inclúe nesa sección 5 preguntas propias que nos recomentan incluír dende o equipo ADIX_OU_1 e unha adicional que consideramos importante polo contexto do noso colexio.

As preguntas abordan os sete elementos clave do DigCompOrg, que son os que se poden ver na seguinte imaxe. Estes sete elementos serán de agora en diante as áreas SELFIE ao longo de todo este Plan Dixital.



Por tanto, nesta primeira enquisa de auto-reflexión sobre o potencial dixital do noso centro a participación dos membros do equipo directivo, do profesorado e do alumnado foi como se pode ver no seguinte gráfico:



Este proceso de auto-reflexión lévanos a abrir un diálogo dentro do centro sobre posibles ámbitos de mellora. Os resultados acadados polo centro nesta primeira avaliación SELFIE, móstranse na seguinte táboa, resumidos en media por cada perfil analizado. Filtranse os resultados por áreas de análise e

mantéñense esas mesmas áreas SELFIE (A. Liderado; B. Colaboración e redes...) ao longo de toda a diagnose, así como para o planeamento de obxectivos na seguinte fase.

Areas	Grupos	Ensinanzas
		FP
A -Liderado	Equipo Directivo	3,2
	Profesorado	3,3
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Directivo	3,9
	Profesorado	3,9
	Alumnado	3,9
C- Infraestructuras e Equipos	Equipo Directivo	3,9
	Profesorado	3,7
	Alumnado	3,5
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	4,0
	Profesorado	3,7
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	4,1
	Profesorado	4,0
	Alumnado	4,0
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	2,7
	Profesorado	3,3
	Alumnado	3,7
G- Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	3,8
	Profesorado	3,6
	Alumnado	3,8
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	3,8
	Profesorado	3,6
	Alumnado	3,8

Entre todos os valores acadados, os valores por debaixo de 3 puntos en media darán lugar ao planeamento de debilidades ou oportunidades no DAFO. Así mesmo, aqueles valores que son superiores a 3 puntos, son analizados en detalle, porque pode ser segundo a dispersión dos valores que dan lugar á media, algúns aspectos vinculados á área en análise sexan debilidades, ou fortalezas ou oportunidades. Faise unha análise en detalle, pregunta por pregunta e resposta por resposta.

2.2.2. Estudo da competencia dixital do profesorado. Realización do Test CDD en Fprofe.

O cuestionario é enviado por servizos centrais a cada profesor do colexio e para realizar o test, cada profesor ha de acceder de forma individual a plataforma en liña Fprofe e aí responder a unha batería de preguntas sobre diversas áreas que determinan finalmente a competencia dixital que ese profesor posúe.

A porcentaxe de participación de noso centro foi do 100%. Os 11 profesores de FP (Básica e Ciclo de Grao Medio) avaliaron a súa competencia dixital. Móstranse na seguinte táboa os valores acadados en media en canto ao nivel de competencia do centro.

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
59,8	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

Facendo un filtro por etapa, móstranse na seguinte táboa os resultados acadados en media para o profesorado do ciclo de grao medio.

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
CF	51,5	Explorador/a (A2)	80,3	Integrador/a (B1)

Como se pode observar, o resultado aínda é máis baixo; quizabes porque a idade do profesorado nesta etapa é maior.

Analizamos en detalle na seguinte táboa qué niveis de competencia temos representados no centro en número absoluto.

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A2	8	72,7%
B1	2	18,2%
C1	1	9,1%
TOTAL	11	100%

A porcentaxe maioritaria do centro ten un nivel de competencia dixital Explorador/a (A2), é dicir, o 72,7%, o 18,2% un nivel de competencia dixital Integrador/a (B1) e so un profesor se atopa por riba da media cun nivel Líder (C1). En xeral, o nivel de competencia do noso profesorado é inferior á media galega. Este feito é

unha debilidade, o que fai que se precisen medidas urxentes de formación en materia dixital para o noso profesorado.

2.2.3. Outras fontes

O noso centro dende fai anos conta cunha certificación en calidade baixo a norma ISO 9001:2015. Todos os rexistros implantados no centro dentro dos procesos do Sistema de Xestión da Calidade, concretamente, os procesos de liderado, planificación e apoio (recursos humanos e infraestrutura) serven de guía para adecuar o DAFO ao contexto do noso centro.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, o test CDD e o resto de fontes explicadas no punto anterior, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver. A continuación móstrase o cadro de resultados para o noso centro, separados os aspectos internos (que dependen de nos), dos externos (que non dependen de nos) e así mesmo, cada un deles, clasificados por categorías.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
C A T E G O R Í A S	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Contamos cos medios suficientes dixitais e de uso individual (C13)	Falta de liñas claras e delimitadas de actuación sobre o préstamo de dispositivos portátiles (C10).
		Todo o alumnado ten acceso a Internet nos dispositivos dixitais do centro (C3)	
		Sempre se corríxen os problemas técnicos nun prazo moi curto de tempo, xa que se lle da prioridade a que o alumno esté conectado e cos medios dixitais á súa disposición (C5)	
		Protéxense eficazmente os datos do alumnado e de toda a comunidade educativa. (C7)	
		Facilitase que o alumno poda levar un portátil do centro, configurado e listo para usar, a súa casa cando lle sexa preciso o uso fora do centro e careza de medios dixitais na súa vivenda. (C10)	
		Un posto de traballo por alumno con acceso aos medios dixitais precisos (C14)	
	PERSOAL DOCENTE	Alta implicación do profesorado na mellora, avaliación e retroalimentación dos tests SELFIE e CDD.	Diferenzas entre o profesorado no emprego de tecnoloxías dixitais para o proceso de ensino aprendizaxe e planificación do tempo adicado a tal fin. (A4 e B2)

	Os medios dixitais empregados polo profesorado son axeitados, intuitivos e motivadores para o perfil do noso alumnado (F1, F3, F4, F5, F6)	Todavía o emprego de medios dixitais na colaboración con outras entidades xera inseguridades no profesorado. Prefire elixir outros medios (carta, entrevista persoal, conversación telefónica...) sempre que non sexa obrigatorio o uso por medio dixital. (B3)
	Os recursos educativos que emprega o alumnado non supoñen un custo adicional para eles nin para o profesorado: as licencias son cubertas polo centro no caso de que sexan programas baixo licenza ou son de uso libre.(E5)	Inconformidades co equipo directivo no desenvolvemento profesional continuo (DPC) do profesorado (D1, D3, Test CDD)
	O persoal docente ten acceso a medios dixitais no centro e acceso a internet. Non ten que traer medios propios (E4)	Hai profesores que se sinten inseguros usando as contornas virtuais (E3; Test CDD)
	A metodoloxía de avaliación dixital empregada polo noso profesorado é axeitada e intuitiva para o perfil do noso alumnado (G1, G3, G5, G9)	Non se debateu ata o momento a vantaxe de traballar en proxectos interdisciplinares co fin de traballar os diversos módulos, fomentando a colaboración de grupo. (F5 y F6)
		O proceso de avaliación con tecnoloxías dixitais é mellorable.(G1, G3, G5, G6, G7, G8, G9, G10)
		O proceso de formación interna do profesorado para necesidades concretas do centro así como a mellora do desenvolvemento profesional continuo ten desviacións que é preciso corrixir, por exemplo, planificando unha formación máis individualizada ás necesidades de cada traballador (PE2, PE3, DPC1)
		Formación interna pouco dinámica e motivadora, que debe escollerse empregando unhas metodoloxías máis innovadoras. (DPC4; DPC5; DPC7; DPC8)
		Falta de confianza no uso das innovacións tecnolóxicas por parte do profesorado. Pouco innovadores (ATIC1)
ALUMNADO	Ensínase e dáselle moita importancia ao uso seguro de Internet, sendo un contido transversal en tódolos módulos. (H1)	Non ensinar ao alumno a codificar ou programar. (H11)
	Ensínase e dáselle moita importancia a ter un comportamento responsable en todo tipo de redes e a comunicarse, sendo un contido transversal en tódolos módulos. (H3, H8)	Dáselle pouca autonomía ao alumnado para a resolución de problemas técnicos que lle poidan xurdir ao traballar con tecnoloxías dixitais. Tampouco se lle informa dos erros máis comúns que poden darse co uso desta tecnoloxías.(H13)

		O alumnado adquire habilidades dixitais no campo do seu perfil como futuro traballador, aproximando a formación á realidade das empresas (H10, H13, H15)	
	FAMILIAS	Non implicamos ás familias en gastos extraordinarios no proceso de formación dos seus fillos ao contar cos medios suficientes dixitais para o alumno e accesibles para cada un deles co fin de que o alumno non teña que traer os seus propios medios. (C13)	Non empregamos Abalar no noso centro (PE3; PE6)
	OFERTA	Dende o equipo directivo apoiase ao profesorado para que experimente con novas tecnoloxías dixitais e a súa vez se forme no uso das mesmas. (A3)	
	ORGANIZACIÓN DE CENTRO	Priorizamos o emprego de tecnoloxías dixitais, aínda sexan baixo licenza, que están en voga nas empresas dos perfís profesionais da nosa formación. (F8)	A estratexia dixital do centro é mellorable (A1)
		Implantación de medidas para detectar as fendas dixitais do noso alumnado e apoio dende o centro para abordar as dificultades detectadas(C11 e C12)	A retroalimentación en canto a estratexia dixital precisa de reforzo co fin de buscar melloras de maneira conxunta entre equipo directivo e profesorado (A2)
			Carecemos de tecnoloxía asistencial para alumnado con NEE (C15)
			O centro non dispón da tecnoloxía para documentar o aprendizaxe individual do alumnado. (G8)

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	A elaboración e implantación do plan dixital é un punto de partida para saber en que situación estamos en canto a coñecemento e recursos dixitais e priorizar todo o que precisa de mellora.	
		Implicación por parte das autoridades e responsables competentes no desenvolvemento das competencias dixitais.	
		Emprego de Abalar como medio de comunicación coas familias e co alumnado.	
		Aceso a tecnoloxías asistenciais para o alumnado con NEE	
	LEXISLACIÓN	Plan Edixgal: contamos con recursos persoais e materias axeitados, servizo técnico e asesoramento.	
		Significatividade da competencia dixital en tódolos ámbitos.	Significatividade da competencia dixital en tódolos ámbitos.
	CONTORNA		Baixas habilidades dixitais do alumnado (G10)
			Carencia de medios tecnolóxicos dixitais do alumnado.
			Pouco tempo para aprender a mellorar a competencia dixital por parte do profesorado

OUTRAS ENTIDADES		(A4).
	Ter a disposición do alumnado titulado unha base de datos de empresas que ofrecen prácticas remuneradas ou non. Tamén outras posibilidades de formación. (C17)	Carecer de tecnoloxía asistencial para alumnado con NEE (C15)
	Sinerxía para a aprendizaxe mixta: aprender doutras ou con outras organizacións sobre as tecnoloxías dixitais (B4)	
	Oferta formativa da administración	
	Oferta formativa das entidades coas que colaboramos tipo CECE	

En toda a diagnose, non se detecta nada a nivel interno específico para o persoal non docente. Do mesmo xeito, tampouco hai ameazas por parte da administración educativa, nin debilidades na oferta de medios dixitais.

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital. Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A planeamento dos obxectivos fíxose analizando por áreas SELFIE todas as debilidades e oportunidades principalmente detectadas no DAFO, tendo sempre en conta á hora de redactalas as ameazas que hai, ou que poidan xurdir, dun mal plan obxectivo que non se adapte ao contexto do noso centro.

Todos os obxectivos son SMART (Específicos, medibles, alcanzables, beneficiosos para organización e definidos no tempo)

Neste primeiro plan de acción para o curso 2022/23 fixemos unha selección de aquelas debilidades ou oportunidades que son mais prioritarias de atender debido a que a súa aparición en distintos aspectos do DAFO é maior. Márcase un obxectivo por área de mellora SELFIE, excepto para a área de Pedagogía: Implementación na aula, que é unha fortaleza no noso centro actualmente.

Para o planeamento de cada obxectivo defínese:

- Ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.

- Determinar as accións para conseguir cada obxectivo, elixir os responsables das mesmas, acordar unha temporización e determinar os recursos necesarios.

Para cada obxectivo cumprimentarase unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan, seguindo o documento enviado polo o equipo ADIX_OU-1 coas recomendacións para a elaboración dos obxectivos.

Tamén seguindo as recomendacións as indicacións establecidas no documento proporcionado por AMTEGA para a elaboración do Plan Dixital, para cada un dos obxectivos engádense as necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos, sendo preciso establecer en cada caso a finalidade para a que se precisan ditas melloras, que vai redactada dentro da acción correspondente.

No apartado a continuación inclúense todas as táboas cos obxectivos propostos para o curso 2022/23, así como todos os parámetros de control de cada obxectivo e as distintas accións a levar a cabo para conseguir acadar cada mellora.

"Área/s de mellora": LIDERADO (A)						
OBXECTIVO 1:	Promover a comunicación entre os titores e as familias mediante o uso da ferramenta Abalar – AbalarPro (Móbil) (A1, A2, PE3, PE6)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipodirectivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de titores que realizan as comunicacións ás familias dos menores a través do sistema Abalar (Instrumento: Entrevista)					
Valor de partida	0% dos titores					
Valor previsto e data	100% dos titores de FP Básica que teñan alumnos menores de idade.			20/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Crear un grupo de traballo encargado da formación e da mentorización sobre Abalar e a aplicación AbalarPro	Equipo Directivo	1/10/2022	Conectividade a internet Abalar en PCs AbalarPro en Dispositivos móbiles Profesorado do grupo de traballo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Fomentar a titorización entre iguais para formar ás persoas titoras na ferramenta Abalar e AbalarPro	Coordinador TIC	22/12/2022	Conectividade a internet Abalar en PCs AbalarPro en Dispositivos móbiles Profesorado do grupo de traballo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Potenciar o uso de AbalarPro mediante o envío de notificacións periódicas e fomentar á lectura tamén das notificacións nas familias.	Xefe de estudos	20/06/2023	Conectividade a internet Abalar en PCs AbalarPro en Dispositivos móbiles Profesorado do grupo de traballo Titores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": COLABORACIÓN E REDES (B)						
OBXECTIVO 2:	Fomentar a colaboración entre o profesorado interno e o persoal administrativo para desenvolver a competencia dixital (B2, B3)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Nº de colaboracións feitas por cada persoa interna con outros profesores ou persoal interno (Instrumento: Rexistro de colaboracións feitas por cada persoa interna)					
Valor de partida	0 colaboracións					
Valor previsto e data	5 colaboracións/total do persoal interno			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A02.1: Investigación (auditoría) dos medios tecnolóxicos empregados por cada persoa interna do centro.	Equipo Directivo	31/10/2022	Checklist de medios tecnolóxicos empregados na aula/colexio. Persoal interno		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Priorizar entre as necesidades detectadas aquelas máis importantes.	Equipo Directivo	15/11/2022	Listaxe de necesidades en medios tecnolóxicos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Grupo de colaboración en ensinar ao resto os seus coñecementos ou recomendar un obradoiro/ charla ou curso	Equipo Directivo	30/11/2022	Planning de desenvolvemento do curso/ obradoiro ou charla. Profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.4: Levar a cabo a colaboración, sexa interna ou externa.	Equipo Directivo	30/06/2023	Persoal interno Os precisos para realizar a colaboración.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS (C)						
OBXECTIVO 3:	Constituír unha base de datos de empresa que sexa bolsa de emprego para as nosas familias profesionais así como incluír outras oportunidades de formación.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Entradas de ofertas á base de datos (Instrumento: Rexistro de empresas e oportunidades de formación)					
Valor de partida	0 entradas					
Valor previsto e data	5 entradas			31/12/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A03.1: Falar coas empresas que son contacto da escola, a oportunidade de enviarnos as ofertas de traballo que poidan precisar.	Equipo Directivo	30/10/2022	Telefonía Conectividade a internet Base de datos das empresas coas que colaboramos para as prácticas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Construír un rexistro a onde os alumnos poidan acceder para que vexan opcións, así como unha difusión periódica das ofertas que van xurdindo entre os alumnos matriculados e antigos alumnos.	Administración	31/12/2022	Conectividade a internet Base de datos xerada Taboleiro de anuncios Plataforma de divulgación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO (DPC) (D)						
OBXECTIVO 4 :	Formar internamente ao profesorado en materia dixital dunha forma eficaz e de aproveitamento para logo aplicar nas aulas de formación profesional (DPCx - Test CDD)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo de formación do plan dixital (PFPP)				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Valoración da eficacia dos cursos e satisfacción do profesorado cos mesmos (indicadores do sistema de calidade do colexio do procedemento P-7-3)					
Valor de partida	Pouco satisfeitos (2,56)					
Valor previsto e data	Bastante satisfeitos (>4)			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A04.1: Construción dun checklist de todas as necesidades de formación	Coordinador/a de formación continua (Responsable de calidade)	30/09/2022	Rexistro do noso sistema de xestión da calidade de competencias vs. posto de traballo. (P-07-01_ANEXO 6_Ficha de Avaliación de Competencias) Técnicas de innovación na aula. Equipo de formación do plan dixital		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2:Relacionar as necesidades por prioridade e coas persoas que precisan formación.	Coordinador/a de formación continua (Responsable de calidade)	15/10/2022	Rexistro do noso sistema de xestión da calidade sobre necesidades de formación (P-07-01_ANEXO 4_Necesidades de Formación) Equipo de formación do plan dixital		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A04.3: Buscar/ escoller aqueles cursos que poden ser máis interesantes para acadar os obxectivos planeados.	Coordinador/a de formación continua (Responsable de calidad)	30/10/2022	Conectividade a internet Fprofe Cece Entidades de formación Equipo de formación do plan dixital	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
A04.4: Valorar que os cursos escollidos se axusten ao máximo coas nosas necesidades así como priorizar os cursos prácticos fronte aos teóricos.	Coordinador/a de formación continua (Responsable de calidad)	15/11/2022	Conectividade a internet Fprofe Cece Entidades de formación Equipo de formación do plan dixital	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
A04.5: Realización dos cursos e valoración da formación recibida	Coordinador/a de formación continua (Responsable de calidad)	30/06/2023	Fprofe Cece Entidades de formación Persoal interno con necesidades de formación	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
A04.6: Valoración da formación recibida	Coordinador/a de formación continua (Responsable de calidad)	30/06/2023	Rexistros do noso sistema de xestión da calidade sobre avaliación da formación (P-07-01_ANEXO 2_Cuestionario de avaliación actividade formativa e P-07-01_ANEXO 5_Cuestionario de Clima Laboral) Persoal interno formado	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

"Área/s de mellora": PEDAGOXÍA: APOIO E RECURSOS (E)						
OBXECTIVO 5 :	Crear recursos dixitais para que todos os alumnos acaden as competencias básicas a nivel de FP Básica, tendo en conta ao alumnado con NEE				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de recursos dixitais creados polo profesorado participante no PFPP (Instrumento: Enquisa ao profesorado participante no PFPP)					
Valor de partida	Sen datos previos					
Valor previsto e data	3 recursos dixitais creados por docente			31/03/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A05.1: Solicitar un PFPP cunha liña de creación de recursos dixitais	Equipo directivo	30/10/2022	Conectividade a Internet. Convocatoria do PFPP.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: Crear recursos dixitais adaptados ao currículo de FP Básica	Xefatura de estudos	22/12/2022	Conectividade a internet. Equipo informático por alumno. Software específico, de ser o caso. Profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.3: Publicar na aula virtual recursos dixitais adaptados dos creados polo profesorado.	Cada profesor	31/03/2023	Conectividade a internet. Equipo informático por alumno. Software específico, de ser o caso. Recursos creados. Profesorado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN (G)						
OBXECTIVO 6:	Empregar tecnoloxías dixitais nos procesos de avaliación, a lo menos, unha por materia e trimestre. (Gx)				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de Estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Valor medio de probas de avaliación por etapa (Cálculo do indicador: Nº de probas de avaliación por trimestre e materia/total de materias por etapa) (Instrumento: Cuestionario)					
Valor de partida	Sen rexistro previo					
Valor previsto e data	Tecnoloxías dixitais de avaliación por materia e trimestre ≥ 1			22/12/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A06.1: Formar en métodos de avaliación sinxelos a través dun PFPP.	Dirección	30/09/2022	Convocatoria do PFPP Conectividade a internet Equipo informático por profesor.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.2: Xerar os métodos ou empregar xa os existentes na aula virtual de Google.	Cada profesor	15/10/2022	Conectividade a internet. Equipo informático por profesor. Aula virtual do centro: Google Classroom. Ferramentas de cualificación escollidas. Software específico, de ser o caso. Profesorado das diferentes materias.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A06.3: Incluir as tarefas ou as probas de avaliación na aula virtual, dándolle acceso ao alumnado o cal será coñecedor do procedemento de avaliación	Cada profesor	22/12/2022	Conectividade a internet Equipo informático por alumno Aula virtual do centro Actividades das materias Software específico, de ser o caso. Profesorado das diferentes materias	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
A06.4: Cualificar as materias.	Profesorado das diferentes materias.	22/12/2022	Conectividade a internet Equipo informático por alumno Equipo informático por profesor Aula virtual do centro Software específico, de ser o caso. Actividades xeradas.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

“Área/s de mellora”: COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO (H)						
OBXECTIVO 7:	Desenvolver proxectos colaborativos empregando software facilitador dentro do campo das nosas especialidades de FP (H11, H13)				Acadado	
RESPONSABLE:	Profesorado de cada área				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Nº de proxectos colaborativos desenvolvidos en cada área empregando o software acordado. (Instrumento: Cuestionario ao profesorado implicado)					
Valor de partida	0 proxectos por área					
Valor previsto e data	1 proxecto por área/curso académico.			30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A07.1: Selección do software e recursos necesarios para levar a cabo os proxectos colaborativos.	Responsable TICS	31/10/2022	Conectividade a internet. Boletíns, webs doutros centros, redes sociais, blogs, congresos...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.2: Formar ao alumnado nos rudimentos básicos do software que vaian empregar	Xefatura de estudos	20/12/2022	Conectividade a internet Equipo informático por alumno. Aulas dixitalizadas Software e recursos dixitais escollidos. Titores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.3: Crear os grupos de traballo e concretar os proxectos a desenvolver	Xefatura de estudos	20/12/2022	Conectividade a internet Equipo informático por alumno. Aulas dixitalizadas Software e recursos dixitais escollidos. Profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A07.4: Elaboración e seguimento dos proxectos.	Cada profesor	30/06/2023	Conectividade a internet Equipo informático por alumno. Aulas dixitalizadas Software e recursos dixitais escollidos. Proxectos xerados.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

OBSERVACIÓNS:

1. PARA O CURSO ACADÉMICO 2022/23 NON SE CONSIDERA NINGÚN OBXECTIVO NA AREA DE:

PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA,

XA QUE ESTE AREA A DÍA DE HOXE SUPÓN UNHA FORTALEZA NO NOSO CENTRO. A RAÍZ DO QUE SE APRENDA UNHA VEZ IMPLANTADO O PLAN DIXITAL, PODERASE PLANTEXAR ALGÚN OBXECTIVO NESTE AREA PARA VINDEIROS ANOS.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Na táboa a continuación faise unha listaxe coas necesidades de mellora específicas programadas para este curso 2022/23. Seguindo as recomendacións de AMTEGA, agrúpanse por as categorías de: -infraestrutura dixital; - equipamento e -servizos dixitais educativos. Para cada caso, especificase a finalidade para a que se precisan ditas melloras.

	Melloras	Finalidade
Infraestrutura dixital	Nada que mellorar.	De momento, cubre as necesidades e expectativas do plan de acción.
Equipamento	Equipos suficientes (1 ud/ alumno) coa tecnoloxía necesaria para atender as demandas dixitais do centro	Forma parte do plan de acción para os obxectivos 5, 6, 7.
	Equipos suficientes (1 ud/ profesor) coa tecnoloxía necesaria para atender as propostas dixitais do centro	Forma parte do plan de acción de cada un dos obxectivos
Servizos dixitais	Abalar en PCs AbalarPro en Dispositivos móbiles	Acadar o Obxectivo 1 do PD
	Servizos dixitais para NEE	Acadar o Obxectivo 5 do PD
	Base de datos: Empresas de prácticas	Acadar o Obxectivo 3 do PD

4. Avaliación do plan

O Plan Dixital é un documento vivo que se irá adaptando a medida que xurdan novos aspectos a ter en conta no centro, como a través da realimentación de todo o plan de acción que se vai a comezar a desenrolar en materia dixital. Constará de dous procesos diferenciados: un de seguimento do plan de acción e outro de integración das propostas de mellora que vaian xurdindo.

4.1. Seguimento do plan de acción

A responsabilidade do seguimento do plan de acción cae sobre o grupo de dinamización do Plan Dixital. Eles serán os encargados de transmitir a cada responsable as súas funcións dentro da acción a levar a cabo para acadar os obxectivos. A súa vez irán documentando as accións que pasan de pendentes a realizadas ou aprazadas.

A forma de facelo será periódica tendo en conta cada un dos prazos marcados na planificación dos obxectivos de mellora, distinguindo as seguintes avaliacións:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

4.2. Propostas de mellora.

O noso centro ten os procesos integrados dentro dun Sistema de Xestión da Calidade. Ao longo do curso, dentro do mapa de procesos de Calidade, avalíanse diversos aspectos de satisfacción da comunidade educativa. As propostas de mellora saíran de todas as aportacións en materia dixital que vaia facendo a comunidade educativa nesas diagnoses.

Será o responsable de calidade o encargado de transmitir esas propostas de mellora ao equipo de dinamización do plan dixital. A súa vez, o equipo decidirá a viabilidade desas melloras e de ser o caso, como integralas.

5. Difusión do plan

O responsable da difusión do plan será o responsable de calidade, seguindo o Plan de Comunicación Interna do Centro, como está marcado no noso sistema de xestión.

O plan estará a disposición do profesorado e do equipo directivo a través dun cartafol no servidor dedicado ao mesmo, sempre vixiando que sexa a versión en vigor do mesmo, como se fai en todo o proceso de Tratamento de Documentación Interna. As versións derogadas pasan a un cartafol de documentos obsoletos.

A difusión ao resto da comunidade educativa farase a través da páxina web do colexio: www.colexiovalleinclan.com